

Concello de Viveiro

EXPTE.- 6830/2024.

RESULTADO DO TERCEIRO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO ÁS 13:00 HORAS DO 09 DE ABRIL DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT ADMINISTRATIVO (SX1.0/004) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SISTEMA DE OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 23 de decembro de 2024 Núm. 295, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 18 de decembro de 2024, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do luns, 30 de decembro de 2024, DOG Núm. 250, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2022).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 07 de xaneiro de 2025, Núm. 6, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) funcionario de carreira na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de marzo de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro exercicio e segundo exercicio.

Realizado o terceiro exercicio en data 09/04/2025.

Os membros do Tribunal xunto co colaborador nomeado, proceden á corrección do terceiro exercicio dos aspirantes presentados en atención á base xeral 10.

Vista a base xeral 10, que sinala: "(...)Terceiro exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio. O terceiro exercicio consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta. A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos. Quedará eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos. Este exercicio versará sobre o temario: parte quinta..."

As puntuacións deste terceiro exercicio son as seguintes:

N.º DE CONTROL	PUNTUACIÓN
001	8,375
002	9,05



Concello de Viveiro

003	10
004	7,95
005	4,05

COMUNÍCASE aos aspirantes que se procederá á apertura das tarxetas de control identificativas de cada aspirante, correspondentes a este terceiro exercicio, o **xoves día 10 de abril de 2025 ás 10:00 horas** en acto público na Sala de Xuntas do Concello sito na Praza Maior, Nº1 Viveiro.

Os aspirantes disporán dun prazo de alegacións aos resultados deste terceiro exercicio de un día hábil a contar dende o día seguinte á data de publicación deste resultado no taboleiro de anuncios dixital. Realizándose a publicación o mércores 09 de abril de 2025, o prazo de alegacións comprenderá o día 10 de abril de 2025.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Presidenta,

Dna . María Nieves Leitao Cora

A Secretaria,

María Luz Balsa Rábade

Os/as vogais,

Dna. Natalia Mirón Domínguez

D. Antonio Pernas Pérez

Dna. M.ª Carmen Riveira Martínez

Colaborador -informático-

D. Pablo Alonso Pérez

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

